

OBRADOIROS MAN: MAR, ARTE E NATUREZA

9 e 10 de maio, 2015
16 e 17 de maio, 2015

MUSEO DE MAN.
CAMELLE



9 e 10 de maio, 2015

Tema: Práctica da inocencia intelixente
Dirección: Juan Fernando de Laiglesia
Coordinadores: Marisa de Laiglesia e Antón Sobral
Lugar: Museo de Man. Camelle
Hora: 11.00 horas comezo do curso
Organiza: Data Gestión Cultural

Este encontro consiste en pasar dous días en contacto coa natureza, traballando baixo as premisas do director do encontro que exorará na charla inaugural. O número máximo de persoas, artistas o persoas que teñan inquedaanza creativa é de vinte. A charla é aberta.

DESCRIPCION DA FILOSOFIA DO ENCONTRO:

Pintar, construír, pensar, fotografar, escribir, compoñer, ensamblar, escoitar, percorrer, coser, expoñer, reír, dibuxar, falar, nadar, tecer, mirar, cheirar, modelar, ordenar, descubrir.

A charla/dialogada introductoria suxire enfocar as dúas caras do taller: comprender o natural e responder artisticamente. Para practicar a permeabilidade co entorno dende a mirada artística

se suxiren algúns puntos básicos tanto sobre a Natureza e sua habitación, como sobre as cualidades primordiais da creación artística. Imáxes, obxectos e diálogos forman o material dese primeiro encontro como suxerencia de traballo a desenvolver e expoñer en grupo durante os días 9 y 10.

O traballo desenvolverase o sábado día 9 mañán e tarde e o domingo día 10 pola mañán e rematará cunha posta en común dos traballos realizados.

16 e 17 de maio, 2015

Tema: Arte e natureza: As crebas
Dirección: Francisco X. Fernández Naval
Coordinadores: Antón Sobral
Lugar: Museo de Man. Camelle
Hora: 11.00 horas comezo do curso
Organiza: Data Gestión Cultural

Este encontro consiste en pasar dous días en contacto coa natureza, traballando coas crebas atopadas no espacio dos arredores do Museo de Man en Camelle. O número máximo de persoas, artistas o persoas que teñan inquedaanza creativa é de vinte. A charla é aberta.

DESCRIPCION DA FILOSOFIA DO ENCONTRO:

A charla procura unha aproximación literaria e artística ao valor que, dende sempre, o home deu a eses materiais que o mar deixa na liña da marea, obxecto de atracción para os habitantes dos litorais oceánicos, ata o extremo de dar orixe a unha profesión, a de crebeiro, e de xerar unha serie de lendas e ritos relixiosos arredor das imaxes presuntamente traídas polas ondas.

Hoxe, en tempo de reciclaxe, a profesión de crebeiro, no sentido estrito, aínda é exercida por persoas que viven nas beiradas e que peitean os areais na procura de cabacos (grandes troncos), pacas de algodón ou caucho e outros obxectos e materiais susceptibles de seren reciclados. Porén, o número maior de buscadores son os artistas que traballan con estes elementos, naturais ou non, que conxugan o misterio da orixe, o azar do encontro, a curiosidade das formas. Particular mención merecen as referencias literarias, que identifican a creba co vivir do home, ese ir perdendo anacos de nós que fican arrombados nos areais da memoria ou do esquecemento.

Teléfono para inscribirse: 629818199
Para máis info: datagestioncultural@gmail.com
Facebook: [facebook.com/pages/MAN-mar-Arte-e-natureza](https://www.facebook.com/pages/MAN-mar-Arte-e-natureza)

OBRADOIROS MAN: MAR, ARTE E NATUREZA



MAN
mar, Arte e natureza



DATA
gestión cultural

9 e 10 de maio, 2015

Tema: PRÁCTICA DA INOCENCIA INTELIXENTE
Dirección: JUAN FERNANDO DE LAIGLESIA
Coordinadores: MARISA DE LAIGLESIA e ANTÓN SOBRAL
Lugar: MUSEO DE MAN. CAMELLE
Organiza: Data Gestión Cultural

16 e 17 de maio, 2015

Tema: ARTE E NATUREZA, AS CREBAS
Dirección: FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL
Coordinador: ANTÓN SOBRAL
Lugar : MUSEO DE MAN. CAMELLE
Organiza: Data Gestión Cultural

Teléfono para inscribirse: 629818199
Para máis info: datagestioncultural@gmail.com
Facebook: [facebook.com/pages/MAN-mar-Arte-e-natureza](https://www.facebook.com/pages/MAN-mar-Arte-e-natureza)



Europa iníste na pesca sustentable
www.accioncosteira.es



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo
de Pesca



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR



Concello de
Camariñas
A Coruña